



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2015.**

<p><b><u>Sres. Asistentes:</u></b></p> <p><b><u>Sr. Alcalde:</u></b> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.</p> <p><b><u>Sres. Concelleiros:</u></b> D<sup>a</sup> MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D<sup>a</sup> OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D<sup>a</sup> JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. RICARDO JOSE LAGE FERNANDEZ. D. MARTA SEIJAS DIAZ. D<sup>a</sup> CRISTINA CADENA FREIRE. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. D. GUSTAVO PITA CARBALLEIRA.</p> <p><b><u>Non asisten con excusa:</u></b> D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. ANGEL MIGUEL FERNANDEZ PERMUY.</p> <p><b><u>SR. SECRETARIO:</u></b> D. MANUEL LARROSA RODRIGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as nove horas e quince minutos do día quince de decembro de dous mil quince, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

### **PUNTO NÚM. 1.- APROBACION SE PROCEDE P.O.S. 2016 " PLAN DE OBRAS E SERVIZOS".-**

Toma a palabra a Sra. Cadena Freire, quen manifesta a súa protesta que a súa petición non foi atendida de que viñeran dictaminados os proxectos da correspondente Comisión Informativa, polo que se vai a abandonar a Sesión.

Sendo as nove horas e dezanove minutos abandona o Salón de Sesiões a Concelleira Dña. Cristina Cadena Freire.

Sometida a votación a inclusión do presente punto na Orde do Día, o Concello Pleno por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL e 1 SON de Ares) e 4 abstencións ( 3 P.P. e 1 BNG), acorda a inclusión do presente punto na Orde do Día.

Acto seguinte sometese a votación a proposta de aprobación do Plan de Obras e Servizos correspondente o exercicio de 2016, e o Pleno do Concello por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL e 1 SON DE ARES), e 4 abastencións (3 P.P. e 1 B.N.G.), acorda:



1.- Participar no **Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016** da Deputación provincial de A Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos investimentos e, no seu caso, ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2016, e de acordó co financiamento que se indica:

**A) Realización de obras e subministracións:**

Denominación da Obra	Deputación	Concello	Orzamento total
Ampliación da rede de abastecemento en Cervás 3ª Fase.	<b>76.846,04 €</b>	-----	<b>76.846,04€</b>
<b>SUBTOTAL OBRAS/SUMINISTRACIONES</b>	<b>76.406,04 €</b>		<b>76.846,04 €</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos na anualidade 2016 e que se relacionan nesta taboa.

**B) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputacion
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos Correntes	<b>61.022,54€</b>
<b>SUBTOTAL GASTO CORRENTE</b>	<b>61.022,54€</b>

**C) RESUMO**

SUBTOTALS	DEPUTACION	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
<b>SUBTOTAL OBRAS/SUMINISTRACIONES</b>	<b>76.846,04</b>	-----	<b>79.846,04</b>
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRENTES</b>	<b>61.022,54</b>	-----	<b>61.022,54</b>
<b>TOTAL</b>	<b>137.868,58</b>	-----	<b>137.868,58€</b>

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2016 no que se incluen as obras ou subministracións que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións.

Denominación da Obra ou subministración	Orzamento
Actuacións de mellora no depósito de auga situado na R/Mar do norte da urbanización Marina do Pombal de Ares	<b>35.009,10 €</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>35.009,10 €</b>



- 3.- Declarar que o Concello ten a disponibilidad dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
- 4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2016, os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anulación do 2016 se a houbera.
- 5.- Solicitudar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras e subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.
- 6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibeu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.
- 7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesorería da Seguridade Social, nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

**PUNTO NÚM. 2.- APROBACIÓN SE PROCEDE P.A.S. 2015.- “PLAN ACCIÓN SOCIAL”.-**

Sometida a votación a inclusión do presente punto na Orde do Día, o Concello Pleno por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL e 1 SON de Ares) e 3 abstencións ( 3 P.P.) , acorda a inclusión do presente punto na Orde do Día.

Acto seguinte sométese a votación a proposta de aprobación do Plan de Obras e Servizos correspondente o exercicio de 2016, e o Pleno do Concello por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 NAL e 1 SON DE ARES), e 3 abstencións (3 P.P.) acorda:

1º.- Participar no **Plan de acción social (PAS) 2015** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada aos seguintes investimentos financieramente sostibles, de acordó co financiamento que se especifica, aprobando os seus proxectos das obras ou pregos das subministracións:

A) Investimentos financeiramente sostibles de carácter social:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
-----------------------------------------	------------	----------	-----------------



Instalación de marquesinas de autobús en Pezoas, Alto de Simou y Praza de Ramón García.	30.354,28		30.354,28
Intervención de mellora de accesibilidade do Camiño da Rega e Pomouro, e rehabilitación da Fonte no Concello de Ares	40.879,50		40879,50
Intervención e mellora de accesibilidade da Praza de Ramón García e do Camiño de Salgueiras-Chanteiro no Concello de Ares	44.156,65		44.156,65
Intervención de mellora da accesibilidade da Porta do Sol no Concello de Ares	39.852,57		39.852,57
Sustitución de alumeado público no Concello de Ares	32.759,61		32.759,61
<b>SUBTOTAL INVESTIMENTOS CARÁCTER SOCIAL.</b>	<b>188.002,61</b>		<b>188.002,61</b>

B) Outros investimentos financeiramente sostibles:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
-----	-----	-----	-----
-----	-----	-----	-----
-----	-----	-----	-----
<b>SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS</b>			

C) Resumo:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>SUBTOTAL INVESTIMENTOS DE CARÁCTER SOCIAL</b>	<b>188.002,61</b>	-----	<b>188.002,61</b>
<b>SUBTOTAL OUTROS INVESTIMENTOS</b>			
<b>TOTAL</b>	<b>188.002,61</b>		<b>188.062,61</b>

2.- Aprobar o Plan complementario no que se incluen as obras ou subministracións de carácter social que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións:

Investimentos financeiramente sostibles de carácter social	Orzamento
<b>Actuacións de mellora no depósito de auga sito na urbanización Marina do Pombal máis próximo á CP-401 en Ares</b>	<b>52.988,38 €</b>



3.- Declarar que o Concello ten a disponibilidad dos terreos augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello, no seu caso, a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas neste Plan se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial de A Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras e subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordó e o correspondente expediente.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as nove horas e cuarenta e un minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,